

NON A VENDA DE POVISA

Os argumentos que utiliza o Partido Popular, a Consellaría de Sanidade e outros axentes sociais para impedir que POVISA sexa un hospital público, son de sobra coñecidos. Son os mesmos que utilizaron para impedir que o goberno de Valencia recuperase o hospital de Alzira para o sistema público de saúde.

Como foi posible a reversión do H. De Alzira ao sistema público?

Coa decisión política de defender a sanidade pública, sen negocios nin mordidas.

Como se mantiveron os postos de traballo no hospital de Alzira?

No ano 2017 o goberno da Generalitat aproba mediante a Lei de acompañamento dos orzamentos as medidas referentes ao persoal: Diario oficial da Generalitat, 30 de decembro de 2017

Garantía de estabilidade no emprego:

Lei de acompañamento orzamentos 2018. Oitava: o persoal afectado seguirá no seu posto en condicións de persoal a extinguir, desempeñando as súas tarefas con idénticas condicións do persoal laboral.

Que non mintan, o persoal de Alzira segue a ser laboral, non estatutario:

Lei de acompañamento orzamentos 2018. Oitava: En todo caso a adquisición por este persoal da condición plena de persoal estatutario, só se poderá facer mediante a superación dos procesos normativizados.

A recuperación do hospital de Alzira **posibilitou o medre do cadro de persoal**. As prazas novas creadas xa son de persoal estatutario, seleccionado mediante os procesos públicos.

Que o hospital de POVISA sexa público é unha oportunidade que o PP non pode perder

Isto garantiría:

- A prestación sanitaria a toda a poboación da ÁREA DE VIGO desde o sistema público.
- O desenvolvemento desta área sanitaria sen estar ao servizo dos intereses privados.
- O mantemento dos actuais postos de traballo, como persoal laboral, existentes en POVISA.
- A creación de novos postos de traballo, como persoal estatutario, para adaptar a ratio profesional/doente que permita unha sanidade de calidade sen explotación.

A obriga do Presidente Núñez Feijoo é garantir unha prestación sanitaria de calidade á poboación da área sanitaria de Vigo.

A nosa sanidade pública non pode estar ao servizo das multinacionais amigas do Partido Popular.